

UD2 UN DÍA NEBOENTO PON A UN MORRIÑENTO

SEMANAS DO 8 AO 31 DE XANEIRO

Actividade 1:

Actividade de consolidación do xénero lírico.

<https://aulasgalegas.org/2020/11/23/os-xenero-literarios/>

Actividade 2:


Temática. Actividades: 1, 2, 3, 4, 5 e 6.

http://cotovia.org/proxecto/lit/lit_ud4_02.html?orix=lit&tema=lit_ud4_02.html

Actividade 3:

Métrica. Actividades 8, 9 e 10.

<https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1464335992/weblirica/weblirica.htm#>



Actividade 4:

Recursos estilísticos. Actividade 11.

<https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1464335992/weblirica/resources/ex3lirica/ex3lirica.htm.htm>

<https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1464335992/weblirica/resources/ex4lirica/ex4lirica.htm>

AMPLIACIÓN:

http://cotovia.org/proxecto/lit/lit_ud4_02.html?orix=lit&tema=lit_ud4_02.html

Actividade 5: Competencias (Lectura texto: Kill the mouse):

Comprensión lectora: 1, 2 e 3.

Comprensión oral: Ben falado (episodio 470: Azou).

Traballo fraseoloxía.

Actividade 6: Ortografía.

A raia

A **raia** ou **guión longo (-)** utilízase nos seguintes casos:

- Para representar un **diálogo** entre dous ou máis **interlocutores**. A raia sitúase **inmediatamente antes da palabra inicial**, sen deixar espazo:

–E logo aquí non se descansa?

–Non, ata acabarmos o traballo.

- Nalgúns casos tamén se emprega a raia para incluír unha **anotación** do **narrador**. Neste caso utilízase unha raia de peche se continúa a intervención do personaxe; porén, se esta remata, xa non se pecha. Observa o exemplo:

–E logo aquí non se descansa? –dixo Xoán rompendo o silencio reinante.

–Non, ata acabarmos o traballo –respondeu Ana–. Despois xa imos celebralo

e descansar todos xuntos.

- Pódese empregar do mesmo xeito que a **paréntese**, para introducir unha **aclaração** ou **inciso**.

O teito –de madeira tallada– é o elemento que máis destaca do conxunto.

- Nas enumeracións que se colocan en parágrafos á parte (mais, neste caso, tamén se pode empregar outro símbolo).

Entre as características da súa obra destacan:

– A orixinalidade temática.

– O emprego da cor.

– O trazo groso.

Inclúe as raias, os signos de interrogación e os de exclamación precisos neste texto:

Coñeces a Mauricio É un de segundo A.

Dos de bacharelato de tecnoloxía Un rexo medio louro

Ese mesmo. Un que foi cocido en mal forno. Que anda así... coma se fose trucar alguén.

Lupe ergueuse e deu uns pasos coa cabeza botada cara a adiante. Sofía riu.

Non ten dúbida dixo. Anda exactamente así.

Onte ía eu por un corredor, volveu a cara e cuspiu no chan.

Que atravesado Ti cres que o fixo a propio intento Que pretendía insultarte

Marilar ALEIXANDRE, *A Cabeza de Medusa*, 2008 (adaptación)

Actividade 7: Competencias: Ver coas mans (p.29-33)

-Comprensión lectora: 1, 2, 3, 4 e 6 (p.33)

-Expresión oral: O meu primeiro recordo da escola.

Actividade 8: Sintaxe.

-A frase (presentación e exercicios).

Pon en práctica

- 1.** Sinala as frases que compoñen estas oracións:
- a) O crítico de arte observaba o misterioso cadro con moita atención.
 - b) De súpeto, chegou un estrondo fortísimo desde o segundo andar.
 - c) A miña avoa quedou moi sorprendida co noso regalo.
 - d) A contraluz da lúa definiuse a silueta dun home barbudo.
 - e) Preto da súa casa vivían varias familias con fillos pequenos.

- 2.** Identifica as frases nominais que forman parte destas oracións:
- a) Os meus curmáns alugaron un piso céntrico.
 - b) Os edredóns de plumas dan moita calor.
 - c) O noso deporte favorito é a ximnasia rítmica.
 - d) Esa torta de mazá precisa bastante manteiga.
 - e) O próximo luns teño un exame de matemáticas.
 - f) A parede do fondo ten manchas de humidade.

- 6.** Cámbialles os modificadores e os determinantes ás seguintes frases:
- a) Unhas luvas de pel.
 - b) Dous xeados cremosos.
 - c) Aquela festa de disfraces.
 - d) Bosque atlántico.
 - e) Ese extraordinario xogador de baloncesto.
 - f) Práctica mochila con rodas.

Actividade 9: Competencias: A gruta da torre (p.51-54)

-Comprensión lectora: 1, 2, 3, 4, 7, 8 e 9 (p.55)

-Expresión oral: Lembra o momento de máis vergoña da túa vida/ na escola.

Actividade 10: Lingua e sociedade.

Diferenza entre lingua minorizada/ minoritaria.

Responde

5. Neste texto tes información sobre outra lingua minorizada: o occitano. Debes lelo con atención e responder unhas cuestións.

Occitania (en occitano *Occitània*) é a área histórica de dominio da lingua occitana ou provenzal. Comprende boa parte do terzo sur do estado francés, do Val de Arán (en Cataluña), dos Vales Occitanos (do Piemonte, en Italia) e de Mónaco.

A lingua occitana tan só está recoñecida como oficial e é protexida, ensinada e promovida no Val de Arán. No estado italiano ten o status de lingua protexida e no estado francés tan só goza dunha certa aceptación no sistema educativo, pero carece de recoñecemento legal.

A Occitania chegou a converterse nun dos centros neurálxicos da cultura románica a partir do século IX. Foi o occitano unha das linguas que primeiro substituíu o latín en moitos actos, documentos, obras literarias e obras científicas. Así pois, as primeiras gramáticas anteriores á de Nebrija son occitanas (como, por exemplo, as *Leys d'Amors* do século XIV).

Os séculos XI, XII e XIII foron a época de maior esplendor da cultura e da política occitanas. O modelo de occitano escrito, grazas á súa cultura refinada e brillante, sitúase como unha lingua vehicular en toda Europa. Adquirirá importancia no mundo da cultura coa obra dos trobadores e tamén politicamente a través da elaboración dos foros dos territorios aragoneses e navarros, sen esquecer obviamente a influencia que exerceu sobre a literatura en lingua catalá grazas a Ausiàs March.

Foron aqueles séculos a época de ouro da literatura occitana, co nacemento da literatura trobadoresca e a súa extensión pola maior parte de Europa Occidental. Politicamente tamén foi unha época de esplendor pola independencia e a prosperidade de moitos dos territorios occitanos. Agora ben, esta época dourada sería truncada rapidamente, xa que a unidade dos territorios occitanos era de feito unha unidade cultural e lingüística pero non política.

Galipedia (adaptación) <<http://gl.wikipedia.org>>

Actividade 11: Tipoloxía textual. O texto teatral. Vídeo introdutorio: *Bicos con lingua* de TALÍA TEATRO. <http://taliateatro.gal/gl/espectaculos/bicos-con-lingua>



Lectura introdutoria: *O rei nu*.

ESCENA I

OFF: Érase unha vez un conto no que había un...

país de conto
¡que ben!

MÚSICO 1: Un país no que había moito conto.

MÚSICO 2: Por iso era que aquel país era un...

país de conto
¡que ben!

MÚSICO 3: Un país de tanto conto que nel ata os contos eran de conto.

MÚSICO 4: Si, señor, todo un...

país de conto
¡que ben!

MÚSICO 5: Un país de tantísimo conto que ata os que contaban os contos (*Saúdo.*) eran, coma nós, de conto.

FERNANDIÑO: ¿Coma nós?

MÚSICO 1: Si, Fernandiño, si.

FERNANDIÑO: Entón, ¿nós tamén somos do conto?

MÚSICO 2: Pois claro, Fernandiño.

MÚSICO 3: Aquí todos somos do conto.

FERNANDIÑO: ¡Carai! Realmente, aquel país de conto era un verdadeiro...

país de conto
¡que ben!

ESCENA II

Os da tribu métese para dentro e deixan a FERNANDIÑO en escena.

FERNANDIÑO: ¡Que ben! ¡Por fin un conto no que non comezo varrendo!

ALGUÉN: ¡Vamos!

FERNANDIÑO: Si, si... No país do noso conto sempre estaban celebrando algo. Os domingos, gran festa, e os luns, gran esterqueira. (*Comezan a caer "efectos" de festa -papeluchos, serpentinas e cousas así- por todas partes.*
E algunha cagada de can.)

FERNANDIÑO: (*Mira o lixo. Decepcionado.*) Outra vez na mesma. (*A caixas.*) Eu non sei que pasa que en tódolos contos sempre pringa o mesmo: eu. Pero algún día isto vai cambiar e...

ALGUÉN: ¡Fernandiño!

FERNANDIÑO: ¡Xa vou, xa vou! (*Ao público.*) Todos a bater en min. Nin que fose de pau, como os santos (*Mima, choqueiramente, un santo.*), como os pisos das zocas (*Ponse a brincar coma nun xogo de*

pello e mesmo fai algún toquiño que lembra o claqué. Sinala o nariz. Todo isto vai seguido.), ou como Pinocchio.

OUTRA VOZ: ¡Pero Fernandiño!

FERNANDIÑO: ¡Que si, que si, que si! En fin...

VOZ DO REI: (*Desde caixas.*) Esquerda, centro, dereita...

FERNANDIÑO: (*Sinala o sitio polo que habrá de saír o REI.*) No país do noso conto había... (*Nisto entra rodando unha mazá e FERNANDIÑO cóllea, extrañado.*) ...¿junha mazá!?

VOZ DO REI: (*Desde caixas.*) Dereita, centro, esquerda.

FERNANDIÑO: (*Sinalando o sitio do que vén a voz do REI e tirando a mazá.*) No país do noso conto había...

ANANO: ¡Esa mazá é miña!

FERNANDIÑO: ¿¿Un anano!?

ANANO: Si, ¿que pasa? (*Tiralla da man.*) Non sei que ten de raro que haxa un anano nun conto.

VOZ DO REI: (*Desde caixas.*) Vai comezar o Consello e eu así... ¡Teño que tomar unha decisión, non podoo durmirme!

ANANO: (*Grandilocuentemente pedagógico. Facendo acenos de ir comer a mazá pero sen chegar a comela.*) Si, señor, ten razón. Non convén durmirse se queres abrirte paso no mundo, se queres telo aos teus pés. (*Repara no lixo.*) ¡¡¿Que é isto?!!

FERNANDIÑO: (*Extrañado.*) Lixo.

ANANO: ¡Xusto o que andaba buscando desque saín da mina a probar fortuna!

FERNANDIÑO: ¿Buscaba lixo? (*Ao público.*) Que pringado.

ANANO: Si, lixo. Material de análise, estudio de mercado. (*Ante a extrañeza de FERNANDIÑO, abucharándoo.*) O benestar dun país mídese pola cantidade e a calidade do lixo que produce. O lixo é...

FERNANDIÑO: (*Arrecuando pisa algo "mol e desagradable".*) ¡Merda!

ANANO: Si, tamén se lle pode chamar así... mais case nunca convén chamarlle ás cousas polo seu nome...

FERNANDIÑO: (*Que mirou o zapato.*) De can.

ANANO: ¿¿Que?! ¡Levántame ese pé, levántame ese pé! (*FERNANDIÑO, extrañado, levántalle o pé.*) ¡Excelente! A merda dos cans é o mellor indicativo. (*Ao público.*) Se os cans cagan como os cans, branco e duro, sinal de que só de osos e de moscas se manteñen, no país vívese mal. En cambio, se os cans cagan como a xente, bo sinal: no país vívese ben.

FERNANDIÑO: ¿Ah, si? ¿E neste que tal se vive?

ANANO: (*Cheira a merda, todo encantado.*) ¡Marabillosamente! ¡Aquí hai chicha, aquí hai sustancia, aquí hai negocio! (*Tira a mazá e a picaraña.*) ¡Aquí pódese prosperar!

VOZ DO REI: ¡Xa está! ¡Claro que si, claro que si!

FERNANDIÑO: No país do noso conto había un rei.

ESCENA III

REI: (*Saíndo, co seu refrexo.*) ¡Espello, espelliño máxico!

FERNANDIÑO: Un rei presumido e vaidoso. (*Mutis. O ANANO fica espiando a entrada do REI.*)

REI: Dime, ¿quen é o rei máis elegante e mellor vestido de tódolos reis dos países de conto do entorno do noso país de conto?

ESPELLO: Vós, Elegantísima Maxestade.

REI: Ui, que pouco entusiasmo. Ultimamente, non sei, nótese frío, distante, turbo. (*Límpao un pouco.*) Ui, ui, ui, que te estás portando moi mal comigo. Malo. En fin, repetirei a pregunta. (*O refrexo fai un aceno de fastio.*) Espello, espelliño máxico...

ESPELLO: (*Ao público.*) Tódolos días o mesmo.

REI: ¿Quen é o rei máis elegante, estiloso, atractivo e glamuroso...

ESPELLO: ...de tódolos reis dos países de conto do entorno do noso país de conto?

REI: Iso.

ESPELLO: Vós, Elegantísima Maxestade.

REI: Parece que non o dis moi convencido.

ESPELLO: Si, Elegantísima Maxestade, o que pasa é que vos teño moi visto.

REI: Home, pero eu esfórzome en mostrarme distinto cada día. Hoxe mesmo estiven toda a mañá no

tocador (*Sinala o sitio de onde antes saía a voz.*), angustiado, comesto polas dúbidas.

ESPELLO: ¿Ah, si?

REI: Si. Resolvendo un problema.

ESPELLO: ¿Gordo?

REI: ¡Gordísimo! Este lunar de aquí, ¿ves? Non sabía se colocalo no centro, na esquerda ou na dereita. ¿Que che parece a decisión?

ESPELLO: Perfecta.

REI: ¿E non estaría mellor máis á esquerda?

ESPELLO: Si, podería estar mellor.

REI: ¿Ou quizais máis á dereita?

ESPELLO: Si, tamén.

REI: ¡Ui, que creo que me estás tomando o pelo!

ESPELLO: Nunca mo permitiría, Elegantísima Maxestade.

REI: E falando de pelo. ¿Que, que che parece?

ESPELLO: ¿O que?

REI: ¡O meu novo penteado! (*Choroso.*) ¡¡Non me digas que non o notaches!!

ESPELLO: Ah, si, si, está moi ben.

REI: Fíxate neste rizo encaracolado de aquí.

ESPELLO: ¿Este?

REI: Si. Díxome o meu estilista que harmoniza simbolicamente coa miña alma laberíntica i helicoidalmente alambicada.

ESPELLO: ¡Oooohhhh!

REI: ¡E o traxe, eh? ¿que me dis do traxe que levo hoxe?! ¡Que empaque, que caída, que finura! Mira, mira, mira... (Levados polos movementos de mostrar o traxe, que fai saír aos outros, acaban bailando un "minuetto".) ¿Que, que me dis?

ESPELLO: Psé, máis ou menos igual aos outros cinco mil que vos levo visto...

REI: ¿Pero, a que vén esa impertinencia!? O lunar, o pelo, o traxe. ¡Ahhhhhh! (Turra o espello. Lévanos os outros.) ¡Xa non lle gusta ao meu espello... e se non lle gusta ao meu espello e que non me gusta a min... e se non me gusta a min é que non lle gusta ao meu país, porque nada do que non me guste a min pode gustarlle ao meu país, que para algo son o seu rei! ¡Daquela son un rei antimonárquico! Isto é a revolución. ¡Que me corten a cabeza! Un momento, se me cortan a cabeza, serei un rei sen cabeza, e un rei sen cabeza non pode gobernar, porque para gobernar fai falta moita cabeza. ¡E se non podo gobernar será o desgoberno, o caos, a anarquía! Afnda que se cadra non pasa nada, un rei máis ou menos, quen o vai botar a faltar, eu son tan pouca cousa que... ¡Pero como non vai pasar nada! Se o país queda sen rei todos querrán ser reis. E haberá moitos reis, moreas de reis, estará todo pragado de reis. Haberá tantos reis como habitantes ten este país de conto. (Neste momento comeza a sentirse, desde caixas, como de lonxe, unha musiquiña que, aparentemente "mal tocada", vai acompañar o movemento helicoidal do REI.) E entón cada moeda levará unha cara distinta, e cada selo, e cada retrato de cada escola, de cada concello, de cada xulgado, de cada cámara de comercio, de cada colexio oficial, de cada cuartel, de

cada ministerio, de cada palacio real... ¡e non haberi paredes para pendurar tanto retrato! E será un lío, e a xente deste país de conto non quere líos, porque a xente cando se lío revolúciónase e córtalle a cabeza ao rei, e un rei sen cabeza non pode gobernar porque para gobernar fai falta moita cabeza e... (Nisto entra FERNANDIÑO tocando. Era el o que "xogaba" a tocar e entrou en escena como sen decatarse. Ao ver ao REI naquel estado sae correndo e entra cun asento. Agora trae o instrumento en bandoleira.) ¡¡¡Ahhhh, vou tolear!!! ¡¡¡As institucións van tolear!!! ¡¡¡O país vai tolear!!! ¿E todo por culpa de quen? ¡Miña, por non ser elegante! (Preso do remuíño final, FERNANDIÑO ponlle o asento debaixo do cu.)

FERNANDIÑO: ¡Maxestade!

REI: (Choroso.) Gracias. (FERNANDIÑO, vendo ao REI tan abatido, apíadase e non encontra máis forma de confortalo que ofrecerlle a súa guitarra. O REI mira a guitarra, pensa no feliz que sería se non tivese tanta responsabilidade.) ¿Fernandiño, gustaría- che ocupar o meu posto?

FERNANDIÑO: (Asustado.) ¡Non! (Vaise correndo.)

REI: (Desesperado.) ¡Ahhh! ¿Ai, por que tiven que nacer rei? ¡Ai, qué culpa tiven eu de que meu pai fose rei! Ai, se o que eu quería era ser trobador, top-model, ai, ou campeón do mundo de lanzamento de xabalina. (Acentúase o rasgueo.) Ai, ai, ai, ai, ai...

ESCENA IV

VOZ: (Desde caixas.) Elegantísima Maxestade, ¡hai licencia para que entre o Consello Real?

REI: ...ai...

TODOS: ¡AI!

Entra o FRAUTISTA DE HAMELÍN seguido por toda a corte de RATOS-CONSELLEIROS.

FRAUTISTA: (Ao público.) O Rei daquel país de conto tiña unha moi cumprida corte.

RATOS: (Cantando.) Ministros, viceministros, secretarios, subsecretarios, directores xerais, subdirectores xerais, interventores, viceinterventores, secretarios xerais técnicos, subsecretarios xerais técnicos, e asesores, centos de asesores, miles de asesores, millóns de asesores.

1.º MINISTRO: ¡Elegantísima Maxestade, a celebración do Día Mundial do Can de Palleiro foi todo un éxito!

MINISTRO 1: ¡Un exitazo bárbaro!

MINISTRA: ¡Marabillosa!

MINISTRO 2: ¡Contundente!

1.º MINISTRO: ¡O voso discurso foi considerado pola prensa nacional e extranxeira un modelo de oratoria brillante e conmovedora!

MINISTRA: Fixo chorar ata aos cans, meus pobres...

1.º MINISTRO: Os ingresos por turismo foron cuantiosos. O señor Ministro de Petos e Forros (En castelán será de Bolsillos y Tela Marinera.) poderá informarnos con máis precisión.

MINISTRO 1: Pasta a esgalla.

17

Actividade 12: Responde

2. Le o seguinte fragmento da obra *A ponte* e responde:

- Por que hai un cambio de escena?
- Que personaxes interveñen en cada unha delas?
- Hai cambios no espazo entre ambas as dúas escenas?

ÁNXELA: (Aparece sentada, cosendo, a carón do lar.) Non, non pode ser. A miña alma vaise enchendo de feles e non poderei seguir vivindo deste xeito. O meu Pedro, o meu home, honrado como a honradez mesma, preso na Coruña por unha denuncia falsa, por unha canallada do Vinculeiro! Deus teña piedade de min! Deus protexa os meus fillos!... Non quixen ser súa, non quixen lixar a miña honra... Non quereirei endexamais faltar á fe que debo ao meu Pedro, á miña vida mesma, ao pai dos meus filliños! (Pausa.) O Vinculeiro perseguiume sempre. Cando o meu home estaba fóra non me deixaba a sol nin a sombra. Unha paixón criminal entrou no seu peito, e cando se convenceu de que para a caixa das miñas virtudes non había chave, xurou perderme, e perdeunos a todos! Buscou testemuñas falsas e meteu no cárcere ao meu home!... Nin a fame, nin a morte mesma, nin todas as malas fadas en contra de min, poden arrincar o querer que lle teño!... Vinculeiro! Vinculeiro maldito, téñoche xenreiras de morte, detés-tote con todas as enerxías do meu corazón. (Chaman á porta.) Quen será? Adiante! (Érguese.)

ESCENA SEGUNDA

ÁNXELA e SABELA *entrando*.

SABELA: Santas e boas tardes nos dea Deus e maila Virxe.

ÁNXELA: Amén, señora Sabela.

SABELA: E os teus pequenos?

ÁNXELA: Na escola.

SABELA: E de Pedro?

ÁNXELA: Nada sei. Estou esperando polo seu sobriño, o meu compadre Antón, que foi onte á Coruña para traer hoxe o meu home, deixando fianza para que o solten polo de agora.

SABELA: Ai! Deus o vexa vir con ben.

SABELA: Pois eu, Ánxela, agardarei aquí ata que cheguen. Non deben de tardar, porque as lanchas do Porto veñen ás catro, e xa deben de estar a caer as cinco. Ademais teño moita impaciencia cando o meu sobriño Antón está fóra da casa, porque agora anda metido nunhas vértolas e recibe uns boletíns que case dá medo oírlos ler. Dende que estivo traballando na Coruña, non sei que cousas se lle meteron na cabeza.

ÁNXELA: E que é?

SABELA: Pois que agora non quer dar o voto ao Vinculeiro, nin as ofrendas ao señor Cura, nin quixo facer o cabodano de seus pais, e reparten entre os pobres da parroquia os cartos que habían de gastarse. Xesús me valla! Non sei que mala herba pisou. Sempre me está dicindo que todos estes chupatintas nos rouban e asoballan por culpa nosa, porque non queremos facer uso dos nosos dereitos.

ÁNXELA: Nalgunhas cousas tenlle moita razón.

SABELA: Terá, Ánxela, terá. Mais con ese tema que colleu sempre está rifando con todo o mundo.

ÁNXELA: Iso non é bo, señora Sabela.

SABELA: Que ha de ser! Verás... O outro día quíxolle dar unha labazada ao Alcalde porque lle pediu o voto; e ao Vinculeiro xa lle caeu que rascar, pois díxolle que como non diga a verdade, de que Pedro se entrou na súa casa foi porque el lle mandou, que ten de facer un escarmento.

ÁNXELA: Antón é moi bo, aínda que di esas cousas que a vostede non lle gustan.

SABELA: Xesús! É bo como un santo dos altares, como aquel seu pai, meu irmán Xaquín, que Deus teña na súa santa presenza...


ÁNXELA: Amén.

SABELA: Pero ten moito xenio, iso si. Sempre está dicindo non sei que de dinamita, de que hai que facer estoupar os tiranos, de que a verdadeira hora da redención dos homes está chamando ás portas da conciencia. Dígoche, Anxeliña, que el moito fala disto. *(Pausa.)*
ÁNXELA: Ben; deixemos agora esa conversa, e falemos doutra cousa... Que se di de novo por aí?

Manuel LUGRÍS FREIRE, *A ponte*, 1903 (adaptación)

ACTIVIDADES INTERACTIVAS: Sopa de letras e partes do teatro.

<https://recursos.edu.xunta.gal/sites/default/files/recurso/1464341713/webteatro/webteatro.htm#>



Actividade 13: Competencias

Comentario sobre o arquivo de fotografías (época, descrición física, vestiario...).

Comprensión oral sobre o vídeo de Ferro Ruibal falando de Lugrís.

<https://academia.gal/letras-galegas/2006/manue-lugris-freire>



Actividade 14: Expresión escrita (Parellas ou grupos de 3)

5. Ídesvos converter en dramaturgos. Escribiredes en grupo unha peza teatral nun acto partindo dunha destas cinco situacións:

Situación 1: 3 personaxes.

Dúas amigas están interesadas en saber o seu futuro. Para iso recorren a unha pitonisa que aparece anunciada nas páxinas dun xornal local. Cando chegan á consulta, a pitonisa, léndolles as mans, descobre un dato fundamental que vai mudar as súas vidas.

Vocabulario que podedes empregar: *agoiro, allo, amuleto, curuxa, estafa, feitizo, macabro, mal de ollo, presaxio e ritos.*

Situación 2: 4 personaxes.

Un mozo anuncia aos pais que ao día seguinte quere ir ao concerto dun grupo de moda. Eles non poñen impedimentos e fixan como hora de regreso a unha da madrugada. Seguidamente, a irmá dílle que ela tamén quere ir ao concerto. Os pais néganse en redondo explicándolle que esas non son horas de andar pola rúa para unha moza. A rapaza séntese discriminada e protesta. O irmán sae na súa defensa argumentando que os dereitos de ambos son os mesmos.

Vocabulario que podedes empregar: *actitude, agresión, dereito, home, igualdade, liberdade, muller, negociar, reivindicar e teimar.*

Situación 3: 2, 3, 4 ou máis personaxes.

O propietario dun can pasea habitualmente o animal pola praia que hai no lugar onde vive. Chega o verán e a praia échese de veraneantes e veciños do lugar. El segue a pasear o can aínda que a praia estea ategada de xente. Un grupo de veraneantes recrimínalle a súa actitude, xa que, segundo afirman, o can molesta e asusta os máis cativos. Establécese unha discusión entre eles.

Vocabulario que podedes empregar: *area, arroutado, beira, cagar, calcañar, cortesía, invadir, rifar, rocha e socorrista.*

Situación 4: 4 personaxes.

O propietario dun ciclomotor leva un amigo á súa casa nas aforas da cidade. No percorrido páraos unha parella da Garda Civil de Tráfico, que lles recorda a prohibición de circular dúas persoas en ciclomotor e deseguida procede a denuncialos. Ademais, só leva casco un dos rapaces, que é multado por ese motivo. Os dous mozos discuten sobre quen deberá pagar esa multa.

Vocabulario que podedes empregar: *asento, atentar, desculpar, guiador, infracción, irresponsable, protexer, sanción e vixiar.*

Situación 5: número variable de personaxes.

No vestiario do pavillón de deportes, despois dun partido de baloncesto, o adestrador tenta facer, cos xogadores ou as xogadoras, unha análise do partido e das causas da derrota. Pouco a pouco cadaquén vai dando a súa opinión e chegan á conclusión de que todos teñen parte de culpa.

Vocabulario que podedes empregar: *aleiro, canastra, cancha, choutar, dobres, fallar, pivote, taboleiro, tapón, tempada e tempo morto.*